


O CANDIL

Maio 1994

Nº 2



BUEU NA SÚA XENTE

Co gallo das Letras Galegas de 1994 os alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu (Pontevedra) queremos render unha homenaxe a tódolos nosos maiores representados nun puñado de xente que dalgún xeito está relacionada coas diversas actividades da cultura do noso pobo.

Non quixeramos esquecer a ninguén, todos están na nosa memoria.

A amplitude de facetas, personaxes,..., a prema de tempo e espacio, obríganos a escoller con maior ou menor acerto, pero coas mellores intencións.

“... lembrámonos dos esquecidos en soños de ilusión...”

Isto non pretende ser máis do que é: Unha breve miscelánea de xente que levaron e levan a Bueu no seu corazón e que nos servirán como a luz do **candil** para abri-los camiños do noso porvir.

A bibliografía e fontes de consulta empregadas foron por: entrevistas directas, Gran Enciclopedia Gallega, prensa rexional, folletos divulgativos, libros citados nas biografías...


***“Pobo que vives na xente
historias de ledicia, traballo e suor.
¡Mírate! e honra o teu sangue de mar
en membros con memoria dos rapaces de futuro.”***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás

Colaboran: Alumnos de 8º C. P. de Bueu
Benito Fernández Alonso, X. Manuel Cerviño Meira
e X. Luís Fernandez. Aldegunde

Dep. Legal: PO-2-96

ISSN: 137-1994



NUNO TREEZ

Apelido que posiblemente corresponda a unha forma reducida de "Pérez ou Fernández".

Con toda posibilidade este xograr fose da nosa comarca xa que nas súas composicións fai constantes alusións a San Clemenço, santo que tiña unha ermida (hoxe na ruína) na illa do Santo do Mar, situada nas proximidades da praia de Lapamán.

"E fui eu fazer oraçon a San Clemenço..."

As súas composicións pertencen o xénero chamado "Cantigas de amigo" e máis concretamente ás "Cantigas de romaría".

Na primeira delas, unha moza chora pola ausencia do seu "amigo", que marchou sen o seu consentimento:

**Des quando vos fostes d'aqui
meu amigo, sen meu prazer,
ouv'eu tan gran coita des y,"**

A continuación ela promete a San Clemenço, que se ía a vingar:

**San Clemenço do mar,
se mi d'el non vingar,
non dormirei."**

Como San Clemenço non cumpriu as súas peticións, ela enfadouse con el, prometendo non volver máis á súa ermida:

**Non vou eu a San Clemenço
orar e faço gran razón
ca el non mi
tolhe a coita
que trago no meu corazón."**

Á fin, as súas peticións son atendidas, na mesma ermida recibe a nova de que o seu amigo xa tornara:

**Estava-m'en San Clemenço
u fora fazer oraçon,
e disse-me o mandadeiro,
que mi progue de coraçon:
« agora verrá'qui voss' amigo »"**

JOAN DE CANÇAS

Viviou entre mediados e finais do século XIII. Non temos máis datos del có seu nome, unido a uns poucos versos que fan referencia á romaría de Sanamedio (Beluso). Sabedores da pertenza de Bueu ó concello de Cangas ata o século XIX (1821) é polo que o nomeamos a partir de agora coma: **JOAN DE BUEU**.

As súas composicións, igual cás de Nuno Treez, pertencen ó xénero chamado "Cantigas de amigo"

Na primeira delas unha moza diríxese o seu "amigo" citándoo na ermida de Sanamedio.

**Amigo, se mi gram ben queredes.
id'a San Mamed'e veer-m'edes:
oje non mi mençades, amigo.
Pois mi aqui ren non podeades dizer,
id'u ajades comigo lezer:
oje non mi mençades amigo.
Serei vosqu'en San Mamede de Mar,
ne ermida, se mi-o Deus aguisar;
oje non mi mençades, amigo."**

Na segunda das cantigas preséntanos á moza tentando de convencer a súa nai para que lle dea permiso, para acudir a Sanamedio á cita co seu namorado.

**En San Mamed'u sabedes
que viste-lo meu amigo
oj'ouver'a seer migo;
mia madre, fé que devedes,
leixedes-mi-o ir veer."**

Na terceira das cantigas, amósanos a tristura da moza ó ver que o seu amado non acudiu á cita na ermida.

**Fiu eu, madr', a San Mamed'u me cuidei
que veess'o meu amigo'e non foi i ..."**


MANUEL A. BARES GIRÁLDEZ

Nado en Bueu en xaneiro de 1855 e finou en Bos Aires o 6 de abril de 1945. Estudou Maxisterio en Pontevedra, desde moi mozo colaboraba na prensa rexional, sobre todo no xornal "La República". Emigrou a Arxentina, establecéndose na cidade de Mercedes onde traballou nunha empresa e fíxose moi coñecido polos seus artigos no xornal "El Pueblo", colaborando ademais con outros moitos xornais e revistas da Arxentina, e sobre todo no "Eco de Galicia" e "El Correo de Galicia", ambos de Bos Aires.

En 1889, volveu a Galicia, e en Madrid publicou un libro titulado "*Prosa*", animado por Curros Enríquez. Xa na Arxentina, publicou "*Más prosa*" (Bos Aires, 1889); "*Los Sermones del Padre Gonzalo*" (Bos Aires 1907), "*Delenda est Germania. Contribución al estudio de la guerra europea de 1914*" (Bos Aires, 1917-18), "*La Nación española y el Nacionalismo vasco*" (Bos Aires, 1922); "*Las formas de y la guerra*" (Bos Aires, 1921), e un pequeno folleto dedicado a facer unha breve semblanza de *Emilio Castelar*.

No ano 1911 promoveu unha subscripción en pro do "Gimnasio", sociedade recreativa do seu pobo natal, polo que cando no ano seguinte volveu a Bueu, foi nomeado presidente honorario da mesma. En 1913 volve a Arxentina onde, entre outras actividades, funda o banco de Galicia.

O 25 de Abril de 1925, foi elixido socio da Real Academia Galega.



RAMÓN BARES FARIÑA

Nado en Bueu, finou o 18 de xaneiro de 1918. Estudou para mestre, profesión que exerceu no seu pobo. Xornalista -ás veces xogaba co seu nome e asinaba coma *Roman Bé-sar-*; era membro moi activo de corais e comparsas, nas que destacou como letrista.

En recoñecemento o seu bo facer dedicóuse-lle o nome dunha rúa, na estrada da igrexa, onde tivo a súa casa.



MATILDE BARES GIRÁLDEZ

Mestra de labor recoñecida que se esmerou na preparación de ata tres xeracións. Gran organizadora de actividades culturais: dirixiu grupos de teatro e comparsas.

Hoxe pode verse na fachada da súa casa en



Eduardo Vincenti, unha placa coa súa efixie, dedicada polos seus antigos discípulos e amigos, na

que se le :

“LOS HIJOS DE BUEU EN AMÉRICA A MATILDE BARES 11-XI-1932”

VÍCTOR SAID-ARMESTO

Naceu en Pontevedra (1871-1914. Fillo de Federico Sáiz e de Amalia Armesto Aldao, herdeira do Pazo dos Picos (Bueu), onde pasou a súa infancia e xuventude ó lado da súa avoa Dna. Carmen Aldao Sarmiento.



Víctor Said Armesto

Estudia Filosofía e Letras e Dereito na Universidade de Santiago. Foi o *primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa* nunha universidade española e un dos máis grandes valores da xeración do 14. Moi mozo, ós 13 anos, publicou un libro de

versos “*Estrofas*” e ós 15, funda o xornal “*La Guindilla*”. Crítico literario no xornal “*La Justicia*”; colaborando noutros moitos rexionais, estatais, americanos, e nas revistas “*Blanco y Negro*” e “*Galicia Literaria*”. As súas obras máis coñecidas son entre outras, “*Análisis y Ensayos*”, “*La leyenda de Don Juan*”, “*Orígenes poéticos de ‘El burlador de Sevilla’*”, “*El convidado de Piedra*”....

Investigador do folclore galego, recompila romances e cantares que publica en sendas seleccións. Participou como letrista na partitura da opereta “*La flor del agua*”, estreada no Teatro da Zarzuela con grande éxito cando morría..



JOHAN CARBALLEIRA (José Gómez de la Cueva)

Fillo de José Juan Gómez del Campo e Rolendis de la Cueva García, naceu no ano 1903, e foi fusilado o 17 de abril de 1937 en Pontevedra. De rapaz alternou a súa vida en Vigo, onde estudou, e na casa familiar de Bueu sita no lugar de Castrelo (O Valado). Abandona os estudos para facerse cargo da representación de bebidas, que tiña o seu pai á morte deste. Logo emprende (1923) a súa actividade xornalística

en “Faro de Vigo” cuns poemas e narracións en castelán. Colabora en revistas coma “Vida Gallega” e “Céltiga” (Bos Aires). No ano 1927 inicia

unha fructífera andadura no xornal “El Pueblo Gallego” como correspondente do mesmo no seu pobo, comezando a empregarlo sobrenome ‘Johan Carballeira’. Publicou gran número de reportaxes e artigos en galego - do que rematou sendo un defensor comprometido-, así como un conxunto de poemas que ía a recoller nun libro que pensaba titular: ‘*Cartafol*’.

Pertencente ó Partido Galeguista. No ano 1936, representando ó Frente Popular, foi nomeado alcalde de Bueu. Durante o seu curto

mandato loita polo benestar do seu pobo e sobre todo da clase campesiña e mariñeira (lémbrense, por exemplo, os seus artigos e xestións, con outros sindicalistas, para solucionar o problema do prezo mínimo da sardiña, de gran impacto social naquel momento). Na súa memoria, e gracias ós *alumnos*, pais e profesores déuselle o nome de “Johan Carballeira” ó Instituto de Bueu. Tamén ten dedicada unha rúa na mesma vila.

MARINAS

O mar e berro
e surrisa;
trebón de versos
e xeometría.

Horizonte:

Pantasía par-os nosos ollos.

MARIÑEIRA DO VENTO


Mariñeira do vento, pra un naufragio
meu corazón está cheo de sede.

(O mar xa fun por laranxas
cousa que teñen teus ollos,
como a lúa de Aldán o pao a Curra).



JOSÉ MARÍA MASSÓ GARCÍA

Nado en Bueu o 31 de decembro de 1899, falecendo no 1981. Casado con Dona Ángeles Bolívar Sequeiros. A súa vida transcorreu na nosa vila, ausentándose soamente con fins de traballo e para poder ampliar-las seus coñecementos. Durante moitos anos foi o Alcalde de Bueu, faceta que compaxinaba coas outras súas paixóns: o deporte, o modelismo naval, a arqueoloxía, historia e o estudo das tradicións populares. O contacto diario co mundo do mar desde unha perspectiva privilexiada dálle un gran coñecemento deste e da súa xente que, unido ó seu afán estudioso e investigador, levouno a fundar xunto cos seus irmáns o "Museo Massó", o mellor museo mariñeiro, de propiedade privada, de toda España, nestes momentos a punto de pasar a formar parte do patrimonio da Xunta de Galicia.



Dous traballos importantes fixo José M^a Massó, un deles dedicado á historia de Bueu, inédito e o outro dedicado ó mar titulado **"Barcos de Galicia de la prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre"** que feito coa fin de constituír unha pequena historia do modelismo naval, pasou a ser unha enciclopedia da Arte Naval.

O seu labor segue viva cos traballos de recompilación e investigación do seu fillo Tomás Massó Bolívar.

GASPAR MASSÓ GARCÍA




Nace en Bueu en 1892, e fina en Vigo ós 98 anos; casou con Amalia Bolívar Sequeiros. Estudiu carreira comercial en Barcelona e Lovaina (Belxica). Cofundador, co seu irmán José María, do Museo Massó. Elixido correspondente da Real Academia.

Estudioso da Historia, tanto no campo da industrialización coma naquela outra gran crise do tránsito do feudalismo ó estado renacentista. Escribiu a biografía **"Pedro Madruga de Soutomayor Caudillo feudal"** (Santiago 1975), **"Origen y desarrollo de la industria conservera en Galicia"**, obra premiada no Concurso Nacional do Banco de Bilbao (Vigo 1967) e **"Comentarios gastronómicos"** (1967), libro presentado na feira da conserva e alimentación de Murcia.

ENRIQUE MASSÓ BOLÍBAR

Fillo de Gaspar Massó, nace en Bueu no ano 1930, amante da Arqueoloxía, da Lingüística e de todo o referente á Historia columbina; publica en 1960 **"Retrouso a Colón"**, e varios poemas en revistas como "Papeles de San Armadans", "Celtiga" e "Vieiros", propuxo un sistema gráfico (-m, ão, ç, ...) escribindo sobre este tema **"Problemas da ortografía galega"**.



GONZALO TORRENTE BALLESTER


Nace no Ferrol en xuño de 1910, a súa infancia transcorre na compañía dos seus pais pos diversos lugares, ata que ós 21 anos vén a vivir a Bueu, por motivos de traballo do seu pai. A súa primeira muller era da Banda do Río, Josefa Malvido, mestra que finou no ano 1958. Moita é a xente que se lembra del e cóntanos historias onde á admiración co persoeiro mesturase coa saudade dos anos mozos nun marco de beleza natural.



A catalogación de Torrente Ballester como escritor é difícil. El mesmo se considera próximo ós poetas do 27; pertence á estirpe dos narradores, capaz de crear mundos propios, ben dotados e autónomos como na triloxía "**Los Gozos y las sombras**" (*El señor llega; Donde da la vuelta el aire; La pascua triste*), onde se narra un mundo (Bueu) basicamente galego e extremadamente rico, que non alcanzaría a popularidade ata o éxito na TV.

Publicou dentro do xénero dramático, entre outras, as seguintes: "**Siete ensayos y una farsa**" (1942), e "**Don Juan**". Outras obras de interese son: "**La saga y fuga de J.G.**" (1972), "**El Quijote como juego**", "**La isla de los jacintos cortados**".... Entre os moitos premios obtidos, sinalamos como os máis relevantes o Premio Nacional de Literatura, Premio da Crítica, Príncipe de Asturias ás Letras, etc. É membro da Real Academia Española desde o ano 1975.

STAFFAN MÖRLING



Etnólogo sueco que foi feito "prisioneiro" polo embruxo da Illa de Ons, onde casou. Profesor do Instituto de Historia e Cultura Naval, é autor dun libro titulado "**As embarcacións tradicionais de Galicia**" (o libro foi editado en 1989 pola Consellería de Pesca), onde fai un estudio exhaustivo dunha importante "ferramenta" dos pobos que dependen do mar.

JUAN SANTOS RÍOS

Persoa singular e cunha visión do mundo algo especial. "**Filósofo**" andante, un día e outro, ía de Bueu a Vigo cargado de pólas de eucalipto, loureiro e outras plantas aromáticas e medicinais, e froitos que collía ó longo do camiño que repartía xenerosamente en Vigo.

Nomeado e homenaxeado en capítulos, de alomenos, dúas obras "**Espanoles con clave**" de Juan Aparicio e "**El pálido visitante**" de José M^a Castroviejo, e en dous artigos xornalísticos asinados por Álvaro Cunqueiro e noutros como os de Faro de Vigo, onde Bene chámalle '**El Herbolario**, e Castroviejo describiu á vez que nos anuncia a súa morte, baixo o título: '**Murió en el camino**'.



Lémbrense dúas palabras que con fondura de '**filósofo**' empregaba: "**disen...**" e, sobre todo, "**energúmeno**". Finou na beirarrúa de Tirán (Moaña) a Bueu.

JOSE SANTOS RÍOS-MAÑÁ

Irmán de Juan Santos. Home estrovertido e bo conversador; coñecido, entre outras cousas, polo '*Poeta do Viño*'. Algunhas veces asinaba coma '*El solitario de la casilla*'.



JORGE SANTOS GARCÍA

Fillo de José Santos Ríos, publicou o libro "*Los Mayas y las incógnitas del imperio antiguo*" (1981) de grande importancia para o estudo dos temas relacionados coa cultura Maia, e dentro desta sobre o seu calendario; escollida, a primeira parte, como texto na Universidade Complutense de Madrid.



JOSÉ BERNÁRDEZ SANTA CLARA 'Pasarín'

Nado no 1906 e finou en xullo do 1993. O sobrenome de Pasarín venlle de cando xogaba ó fútbol. Mariñeiro de moi rapaz, faise cun oficio en terra, zapateiro, a raíz de problemas de saúde. Loitador polos humildes, consegue liquida-la crise entre mariñeiros e armadores, tal como reza na memoria e portada do seu libro: "*Rosas salvajes*" (1986). Estivo preso durante 4 anos por ser republicano. No seu encerro foi onde naceu a súa primeira poesía.

ROSAS SALVAJES

*Son, nacidas entre dos montañas
cogidas entre zarzales
hijas del sol y la luna
y besadas por los mares...*



LUÍS RÍOS DOPAZO

Poeta, nace en Bueu no ano 1930, emigra a Francia ós 32 anos, onde exerce a profesión de zapateiro á que se dedicaba en Bueu. No ano 1991 recompila parte da súa obra nun pequeno libro de poemas que titula "*Enxebre*", presentado na casa de Cultura de Bueu.



*.... ¡ A miña pluma malpocada
escribe os meus sentimentos!
Non fago máis que cavilar
en Bueu, o meu nacemento,*

MANUEL ALDAO PORTAS


Nace en Bueu ó 11 de xaneiro de 1937. A súa labor de investigación levoulle a efectuar, entre outros, un minucioso estudio dos muíños, có título "*Muíños de auga na península do Morrazo*" (Premio de Investigación 1982, concedido pola Deputación Provincial de Pontevedra); e como recoñecemento á súa traxectoria cultural o Concello de Bueu, concédelle un diploma. Entre outros traballos ten: "*Inventario dos cruceiros e cruces da península do Morrazo*"; "*Índice histórico de Bueu*", "*O bote polbeiro de Bueu*"....



X. CARLOS DURÁN, MANUEL E JOSÉ VERDE, BELARMINO BARREIRO

Son un grupo de entusiastas estudiosos que no ano 1991 sacaron á luz un libro *“En la ruta del románico: LA IGLESIA SANJUANISTA DE STª MARÍA DE CELA”*, editada pola Deputación Provincial.

Nel fan unha reseña histórica da parroquia de Cella e un estudio artístico da igrexa de Stª María, marabilla arquitectónica do románico do século XII. O seu estudio complétase coa organización da parroquia como unidade relixiosa, ermida de S. Lourenzo, capelas da Virxe do Portal, mosteiro de Ermelo,... Colabora, como fotógrafo: Anxo Cabada Álvarez, director do Centro de Recursos de Bueu no Colexio P. de Bueu.



JOSÉ MANUEL GÓMEZ TORRES

Naceu o 16 de Abril de 1952 na Banda do Río (Bueu). Destacado deportista, xogador de clubs de 3ª e 2ª división. Colaborador asiduo da radio e con traballos relacionados coa súa profesión no que afecta á Fisioterapia do Deporte. Agora amosa a súa faceta de escritor, publicando un libro de carácter científico titulado *“Fisioterapia en áreas de Influencia: Salnés”* (1992) e dentro da narración *“COLUMBUE - La génesis de Josber”* (1994), que segundo reza na contraportada do mesmo, ven a xustificar o desexo do autor *que o mundo triúne sobre a ciencia*.




FRANCISCO "Paco Cabanillas" e J. RAMÓN "Pín" DOMÍNGUEZ SOBRAL

Francisco Domínguez, nace en Bueu en 1918, morrendo no ano 1983. É un dos atletas máis destacados que deu a nosa vila, coñecido no campo do atletismo como Sobral I, foi campión de España de 100 metros (1943) -record non superado nunha década-. O seu irmán, **José Ramón "Pin"** (Sobral II) tamén subiu ó podio obtendo unha medalla de bronce nos mesmos campionatos. Foron integrantes do equipo de relevos 4x100 nos campionatos de España, celebrados en Montjuich (Barcelona) o mesmo ano.



AMADOR LORENZO LEMOS



Nace na Banda do Río o 9 de setembro de 1954. Comeza a destacar no C.D. Bueu e desde os 19 anos ficha polo filial do R. Madrid (Castilla) e a partir deste momento comeza a súa excelente carreira en equipos de 1º división do fútbol español (R. Madrid-Hércules-Barcelona...).

Defendeu as cores nacionais non só como xuvenil senón como sub-21 e foi convocado para a selección olímpica. Na actualidade e debido a unha lesión sufrida non se dedica ó deporte como profesional.

JOSÉ MANUEL BLACH QUINTEIRO

Nace en Bueu o 18 de Setembro de 1956. De moi mozo, 18 anos, forma parte da Selección Galega e da Nacional dentro da súa categoría. A súa traxectoria deportiva transcorre no Ourense e no Burgos (na 1º división), neste equipo sofre unha lesión que lle obriga a abandona-lo deporte. Actualmente reside en Burgos .

JESÚS PÉREZ PIÑEIRO "Suso Piñeiro"

Nado en Bueu o 18 de setembro de 1956. Poeta e atleta. No ano 1975 consegue a mellor marca de España, quedando campión infantil en lanzamento de disco, . Medalla de ouro (1976) e campión nos xogos internacionais da FISEC en Francia. Medalla de bronce en lanzamento de martelo nos campionatos de España (1976). Record provincial absoluto de Lanzamento de martelo desde 1975 ata 1985. con 55'56 m .



FERNANDO DE LA RÚA Y FREIRE

Cura párroco de San Martiño de Bueu, foi Inquisidor do Santo Oficio para o Arciprestado do Morrazo e fundador do Pazo de Stª Cruz no século XVII, antiga capela dos Santos Reis,....

MANUEL CABODEVILA

Nado en Beluso, emigrou a América onde, como práctico dun vapor e, por orde do goberno argentino, traballou no levantamento de mapas e na exploración de rexións do río Bermejo (afluente do río Paraguai).

HIGINIO PÉREZ GARCÍA E LUÍS BUCETA MERA

D.Higinio, mestre aínda lembrado con ledicia por algún dos seus discípulos. Con Luís Buceta, foron os promotores da Biblioteca Municipal de Bueu.

Luís Buceta, avogado (secretario do concello). Desde 1927 a 1930 dirixiu gran número de obras ó Cadro de Declamación 'Bueu', algunha delas escritas por el mesmo tales como 'El Padrón Municipal', 'Cuarenta años despues', Lección de celos'... Nesta época tamén aparecen escritos seus na prensa (Faro de Vigo e El Pueblo Gallego) case que sempre na páxina das festas dedicadas a Bueu.

DIDIO RIOBÓ BUSTELO

Nado o ano 1890 e fillo de Manuel e Dolores, casado con María Antonozzi, foi o último propietario e administrador da Illa de Ons, onde se aforcou en outubro do 1936.



FRANCISCO ESCÁNEO FRANCO



Nado en Bueu en 1903 e morto dun tiro durante a Guerra Civil, segundo se di, ó tentar escapar do "cárcere " que había preto do concello. Ten unha rúa dedicada ó seu nome na Banda do Río, onde vivía e tiña unha taberna-tenda.

JOSÉ M^a ESTEVEZ CASTRO

D. Xosé María Estevez nado en 1900 e faleceu en xaneiro de 1984. Home preocupado pola cultura. Deixounos unha recompilación abondosa de datos e apuntes (documentación histórica, persoeiros, actividades sociais, políticas e relixiosas, curiosidades, etc) dun longo período da historia do seu pobo, proxecto dun libro que, desde O Candil, lle desexamos a súa pronta edición.



JOSÉ NOVAS REQUEIRA



Nado en Beluso nos anos 20, publicista en Florida (USA), onde vive na actualidade. Crea a Fundación Novas. En marzo deste ano sae no DOG a Fundación Novas - presentada xa en notaría en xullo de 1993-, declarada de interese galego, pola que se dotará de becas de estudio universitario a rapaces de Beluso ou do concello. O seu fillo **Esteban Novas**, é un afamado pintor e escultor.

SANTIAGO BOLÍBAR PIÑEIRO

Oficial da armada, nado en Bueu, foi o capitán da expedición que co gallo do V Centenario fixo o mesmo percorrido que Colon coas réplicas das tres carabelas.

ANTONIO NORES e FAMILIA, AMALIA DOMÍNGUEZ, SALVADOR E PACO CARBALLAL...

Nestes nomes homenaxeamos a todos aqueles benefactores, que faltan por nomear (sabemos que hai bastantes), doantes de algo de utilidade para o pobo de Bueu. O **Sr. Nores** promotor do antigo Padroado 'San José', doou o solar onde está a Escola Náutica e Capela de S. José. **Amalia Domínguez** doou a Casa nº 2. Os irmáns **Carballal** unha capela en Beluso e un solar para escola en Bon.

CURAS PÁRROCOS

Lembrámonos dos curas párrocos e coadxutores habidos no concello nomeando ós actuais: Na parroquia de Bueu, **D. Ramón Beiro Formoso** e de coadxutor **D. José Pena Collazo**; en Beluso, **D. Andrés Vázquez Caneda** e na parroquia de Cela, **D. Victor Matínez Parada**.

XORNALISTAS

Bueu é un pobo onde a vocación de comunicador deuse ó longo das diversas épocas de forma sobresaliente, lémbrense algúns dos escritores-articulistas xa amentados.

Como lembranza dos Ferradás, Benigno de la Torre, Álvaro Agulla, Tila Currás, etc. nomeamos algúns que hoxe en día teñen proxección, dalgún xeito, no noso País: **Francisco Rodríguez Pastoriza**: Traballa na TVE; **Santiago Davila Agulla**: Director-presentador na TVG; **Balbino Fraga Casaleiro**: Director Xeral do diario 'El Mundo'; **Jesús Portela Medraño**: Redactor Xefe do Faro de Vigo.

JOSÉ DIZ PAZ

Bueu 1907 - Cela 1988. No campo da literatura popular. Autor de dous relatos e varias composicións que formaron parte de letriñas de comparsas e murgas dos anos 1933 a 1936. Magnífica voz dos labregos e mariñeiros fronte ós señoritismos propios da vila. Destacamos a cantiga titulada 'Campesinos somos' (1933) e o seu conto 'A proba dos viños (costumes de Cela)', ano 1947. Actualmente está en fase de estudio a súa obra. (B. Barreiro Rosales). Algunha vez empregou o pseudónimo ESOJ ZID ZAP.



FRANCISCO LANDIN

Natural de Marín. Home de ampla cultura, grande orador e sobre todo coñecido pola súa faceta musical. Escribiu para as murgas de Entroido coma os 'Los Marcianos', 'Los Nuevos Arrendatarios' e 'Los Murcianos' para os que compuxo música e letra.

JUAN JOSÉ ARIAS BARREIRO

Nado en Bueu no ano 1.938. Cursa estudos de bacharelato, obtendo o Título de Grao Superior no Instituto de Pontevedra. En Madrid fai oposicións ó Corpo Xeral da Armada e Corpo de Maquinas. Estudiu Maxisterio, máis tarde trasládase a Vigo, onde reside na actualidade, alternando a ensinanza co traballo de Administrativo.

Ten varios premios literarios, tamén, con poesías en lingua castelá. Colaborou cos seus artigos nalgunhas revistas. O poema, "LEMBRANZAS DO MAR DE BUEU", foi premiado polo Padroado Rosalía de Castro, e parte da súa obra foi publicada no Centro Galego de Bos Aires, así como na Hermandad Gallega de Caracas.



JORGE JOSÉ LOIRA GAGO

Nado en Bueu no ano 1963 e falecido no 1982 cando practicaba o submarinismo. Neses momentos estudante de Psicoloxía na Universidade de Salamanca onde dirixía a revista universitaria 'Natural-mente'. Torrente Ballester (*Tres notas sueltas* no ABC, Sábado Cultural do 4-9-1982) dicía del: "Vouno a votar de menos, estas mañás de inverno... e non deixa de ser posible, senón case seguro, que un posto distinguido, na historia da poesía española, quedou vacante: 'antes de tempo e case en flor cortado'"



XOSÉ CARLOS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, O Framinor

Iniciou a súa andaina poética no mesmo instante no que arribou o porto da nosa vila de Bueu. Casou en Bueu. O seu primeiro libro '*POEMAS, CANCIONES Y ORACIONES*' *está todo el dedicado a súa dona*; O segundo, '*ALMA DE APRENDIZ*' segue o mesmo camiño intimista e fraternal; no seu último libro '*GINEBRA, BLANCO ESPÍRITU*' quere amosar o seu afecto as xentes que lle ofrecen camiños de cariño e amizade.



ARTISTAS : MÚSICOS, PINTORES,...

Como homenaxe á xente relacionada co mundo da música, entre outros, vémonos na obriga de amentar:

- Á saga dos "**Paratcha**" (con varios representantes a partir de 1855), ós "**Porteliñas**", **Manuel Omil Pousada** ('**Pirigallo**'), **Lópe Estevez**, **Julio Villanueva**, **Francisco Estevez** (**Paco Rín-rán**)...



- Dentro da Gaita e moi relacionados coa súa ensinanza: a. **Gaspar e Manuel Barros Comedeiro** (Beluso), **Manuel Gómez** Matínez (Bueu), **Francisco García** (A Portela), ...

- Coma directores de corais, na memoria de todos: **D. José Pena Collazo**, coadxutor de Bueu fundador da Coral LESTONAC (Cangas,1973); **D. Antonio Davila** Álvarez fundador da Coral MARUSÍA DE BUEU que dirixe na actualidade e fundador da Coral POLIFÓNICA DE BELUSO (1987), dirixida por **Dona. Carmen Pereira Vázquez**; e de **D. Manuel Omil Estevez**, mestre do Colexio Público de Bueu que dirixe a Coral AGARIMOS fundada (1947) polo mestre e musicólogo pontevedrés **D. Manuel Escribano**.

A tradición das comparsas foi, e está aínda, moi enraizada nas parroquias de Bueu, amentando ós "**Manduca**" (**Emiliano Rosales**), **Pepe da Blanca**, **Chuco Barreiro e Silvino Dopazo García**, (1927-1994) rendemos homenaxe a tódolos compoñentes ó longo do tempo.

JOSÉ BENITO OTERO BAENA "Pepé"



Naceu en Bueu, en 1925. Ex-alcalde de Bueu. **Oterobaena**, como firma, considérase pintor de espátula e non de pincel. Excelente debuxante de temas mariñeiros, sobre todo de dornas (*é o autor do debuxo da portada desta revista.*). Becado pola Deputación Provincial de Pontevedra, e ó longo da súa vida artística fixo xa máis de 20 exposicións en diversas cidades españolas, a última na Sala de Arte de Caixa Pontevedra

AGUSTÍN MIGUEL POUSEU LOIRA

Nace no Brasil en 1958. É o arquitecto do noso Pavillón Municipal; empeza a pintar á idade de 15 anos, expoñendo dúas veces na Bienal de Pontevedra; obtendo a Medalla de Prata na exposición de Vilagarcía.



JOSÉ BENITO DAVILA PORTELA

Nado o 19/12 /1932, pintor da acuarela. Entre outras exposicións, a da Casa de Cultura co título "**Imaxes da Beriramar**"

CARLOS PINTOS LLOPIZ

Nado en Vigo o 2/2/1953. Desde o 1975 reside en Beluso onde está casado con Josefa Novas. Deseñador de profesión. Fai campañas publicitarias para diversas empresas (sempre a 'plumilla'). Ó principio facía óleo e acuarela máis agora debuxa soamente coa pluma. Súas obras, que fai nos ratos libres, son dunha calidade excepcional e están repartidas por Galicia, Madrid, Valencia, Portugal,...



ROSA ELVIRA CAAMAÑO FERNÁNDEZ

Nace en Bueu. Doutora pola Facultade de Belas Artes de Madrid; Académica Ordinaria da "Academia de Artes y Ciencias de Santa Chiara de Génova" e na actualidade é Profesora Titular na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Fixo ou participou nun gran número de exposicións, tanto individuais como colectivas dentro e fóra de España (Galleria Clemente, Xenova, Italia; Palazzo Viviani Urbino, Italia), obtendo varios premios en certames internacionais e nacionais.

FERNANDO MACÍAS YÁÑEZ

Naceu en Cambados, o 30 de xuño de 1934, actualmente exerce a súa labor docente no Colexio Público de Bueu, onde o seu bo facer vese reflectido ó longo dos anos non só na aula, senón nos traballos de cara ás actividades culturais do noso pobo: Cabalgata de Reis, carrozas,... Non se dedica á pintura, cerámica, etc de xeito profesional senón coma distracción, entretemento e no aspecto docente. Participou en varias exposicións no Concello de Bueu.

FRANCISCO SANTOMÉ OTERO

Nado en Bueu o 7-7-1948. Pintor impresionista. Desde o 1968-72 participou en 24 exposicións tanto individuais coma colectivas. Tivo unha Beca de Estudios do Concello de Vigo en 1972. Concelleiro de Cultura do Concello de Vigo.

ALEJANDRO DOMÍNGUEZ ANTAS

Nace en Bueu no ano 1961, traballa como Policía Local en Bueu, e a súa especialidade é o "cómic".

JOSÉ BENITO DUARTE PORTELA

Nace en Chan de Piñeiro (Beluso), no ano 1954; dedícase á carpintería. Expuxo no Concello..

BENITO PIÑEIRO FERRADANES

Nace no ano 1962 en Bueu, traballa como administrativo e ó igual cós anteriores expuxo xa varias veces no Concello de Bueu.

ANTONIO PADRÓN AGULLA

Nace no 1971 en Bueu, expuxo no Concello de Bueu e no Primeiro Certame de Pintura Xove no Teatro Principal de Pontevedra.

SUSO SANMARTÍN

Nado en Bueu en 1971. Os seus temas favoritos son os relacionados coas profesións na vila de Bueu.

HUGO BETANCOR CASTRO

Nace no Uruguai no ano 1959. Expuxo, entre outros, no Concello de Bueu

ISIDRO CORTIZO DEL RÍO

Nace en Bueu no ano 1960, Licenciado en Belas Artes (profesor de debuxo no Instituto Valle Inclán), xa tomou parte en varias exposicións de ámbito nacional (Valencia, Bienal de Pontevedra....)

ASOCIACIÓN

Ó longo da historia moitas foron as persoas que tiveron relación con algún tipo de asociación desde aquí lembrámonos de todos citando os que hoxe, nos distintos eidos da cultura e o deporte, seguen os seus pasos:

“As Lagoas”, “Danzadeira”,... Grupo de Gaitas: Vila de Bueu, e Manxadoira, “Banda de música” (en formación) , “Círculo Náutico de Bueu”, Sociedade de Caza e Pesca,... “Club de Pensionistas e Xubilados ‘Vila de Bueu’”,... grupos de baile como ‘Antoxo’, “Virxe Milagrosa”,... Asociacións de veciños, APAs,..., Club Deportivo Bueu, Cultural Deportiva Beluso, Club de Tenis, Club Ciclista, Club de Remo, A.D. Bueu de Fútbol Sala. E unha lembranza un pouco especial, pola relación co noso centro escolar as APAs, ó grupo de baile ‘Antoxo’, ó Bueu At. Balonmán (representados en Bacelar Martínez, Agulla Bravo, Esteban,...), ó Club de Xadrez Bueu (Xosé Gestido, Salvador Castro, Ramón...).

ÓS NÓS MESTRES

Aínda que moitos xa citados, queremos ter en conta a tódolos nosos mestres e facémolo citando, como representantes deles, ós directores habidos nos Centros Escolares do Concello:

COLEXIO PÚBLICO de BUEU: *D. Manuel Aboy Gándara D. Fernando Macías Yáñez*
D. José Luís Souto González Dna. Esther Rosalía Lois Salgado

COLEXIO PÚBLICO de BELUSO: *D. José Martínez Camiña D. José Feijoo Torres*
D. Rafael Alvés Piñeiro Dna. Consuelo Davila Álvarez

COLEXIO PÚBLICO de CELA: *D. Antonino Sarandeses Martínez - D. José Luis Pedrosa Dopazo*
D. José Barreiro Cota

COLEXIO ‘VIRXE MILAGROSA’: *Sor Benilde Suescu - Sor Ana M^a Calles - Sor M^a Luísa Palomar*
Sor M^a José Pedrero - Sor Matilde Gauna - Sor Sabina Martínez
Sor María Díaz

ESCOLA NÁUTICO PESQUEIRA: *D. Manuel Freire Lino - D. Juan Ramón Pedrosa Fernández*
D. Afonso Fernández Rodríguez - D. José M^a Sánchez González

IESP ‘JOHAN CARBALLEIRA’: *D. Nicolás Barcala Touriño - D. Manuel Herva Allegue*

A TODOS

Sen esquecer a todos aqueles que desde calquera curruncha do mundo e calquera que sexa a profesión ou traballo, serviron e aínda serven ó seu pobo e á súa xente.

Unha mención moi especial e sinxela a:

-**tódalas nais** que con grandes sufrimentos e esforzos, traballando arreo na casa, no campo, na venda, na fábrica,... levan adiante a familia, facendo as máis das veces de pai e de nai.

-**ós homes do mar** que desde o traballo na costa e en tódolos mares fan que as ideas de universalidade nos fagan querer máis ó ‘home’ e á nosa terra.

RELACIÓN DE ALCALDES DE BUEU

Salvador Marty	1838 - 1839	Miguel Nogueira Fraguas	1894 - 1895
Alfonso Cueva	1840 - 1842	Gumersindo Meira	1895 - 1897
José Rúa	1842	Miguel Nogueira Fraguas	1897 - 1902
Narciso Galup Vergés	1843	José Rodríguez Estévez	1902 - 1906
Florencio Beumúdez	1843 - 1844	Laureano Piñeiro Rodríguez	1906 - 1907
Manuel Guimeráns	1844 - 1846	Manuel González Graña	1907 - 1909
Juán Lovera	1846 - 1852	Clemente Lago Martínez	1909 - 1910
Antonio Entenza	1852 - 1854	Agustín García Parada	1910 - 1912
Ramón Plá	1854	Miguel Nogueira Fraguas	1912 - 1914
Salvador Almoedo	1854	José Rodríguez Estévez	1914 - 1918
Salvador Marty	1854 - 1856	José García Parada	1918 - 1920
Agustín Plá Avalor	1856 - 1859	Miguel Nogueira Fraguas	1920 - 1923
Benito Martínez	1859 - 1861	Víctor Carballo Castiñanes	1923 - 1924
Ramón Plá	1861 - 1862	Luis Jesús Prieto García	1924 - 1925
Manuel Antonio Bares	1862 - 1863	Camilo Davila Davila	1925 - 1930
Manuel González Plá	1863 - 1865	Ventura García González	1930
Gabriel Estévez	1865 - 1867	Francisco Domínguez Cabanillas	1930 - 1931
Manuel González Plá	1867 - 1868	Perfecto García Nogueira	1931
José Domenech González	1868	Ramón Domínguez Ferradás	1931
Juan Vargés	1868	L. Jesús Prieto García	1931 - 1934
Manuel Antonio Bares	1868 - 1869	Ramón Domínguez Ferradás	1934 - 1936
José Domínguez Fontenla	1869 - 1872	José Gómez de la Cueva	1936
Agustín Gelpí Serra	1872 - 1873	Camilo Davila Davila	1936 - 1937
Manuel González Plá	1873 - 1877	Perfecto García Lemos	1937 - 1939
Narciso Galup Vergés	1877 - 1883	José María Massó García	1939 - 1971
Jaime Bolívar	1883 - 1887	José Benito Otero Baena	1971 - 1979
Manuel González Plá	1887 - 1890	Xosé Novas Piñeiro	1979 - 1983
José Massó Ferrer	1890 - 1891	Manuel Freire Lino	1983 - 1995
José Rodríguez Estévez	1891 - 1894	Xosé Novas Piñeiro	1995 -

ALGUNS LIBROS RELACIONADOS CO CONCELLO DE BUEU

- "MÁS PROSA"

Autor: Manuel A. Bares Giráldez
El Correo Español - Bos Aires, 1899

- "EMILIO CASTELAR"

Autor: Manuel A. Bares Giráldez
Imprenta J. Peuser - Buenos Aires, 1900

- "LOS SERMONES DEL PADRE GONZALO"

Autor: Manuel A. Bares Giráldez
Talleres gráf. San Martín-Buenos Aires, 1907

- "EN LA RUTA DEL ROMÁNICO"

.A Iglesia Sanjuanista de Stª María de Cela.
Autores: Xosé Carlos Durán Gallego e outros.
Edita: Excmª Diputación Provincial.

- ENXEBRE

Autor: Luis Ríos Dopazo
Impres. Vilafer-Cangas

- "ILLAS DE GALICIA: Cíes, Ons e Sálvora..."

Autor: Estanislao Fernández de la Cigoña.
Edita: Edicións Xerais, 1991

- "ILLA DE ONS E SALVORA: Hª Natural e Humana e outros traballos"

Autor: Estanislao Fernández de la Cigoña.
Edita: Asociación Galega, 1989

- "CIES Y ONS: La ruta de las Islas"

Colección Naturaleza Gallega.
Autor: Estanislao Fernández de la Cigoña.
Asoc. Gallega da Cultura e a Ecoloxía, 1991.

- "NOTICIA PRELIMINAR DEL PRIMER HORNO Y ALFAR DE ANFORAS GALLEGAS"

San Martiño de Bueu (Pontevedra).
Autor: Pedro Díaz Álvarez e M. Vazquez V.
Edita: Pedro Díaz Álvarez, 1988.

- "AS EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA"

Autor: Staffan Morling
Edita: Consellería de Pesca, 1989.

- "ORÍGEN Y DESARROLLO DE LA INDUSTRIA CONSERVERA EN GALICIA"

Autor: Gaspar Massó García
Edita: Pontevedra, 1966

- "COMENTARIOS GASTRONÓMICOS"

Autor: Gaspar Massó García
Edita: Cámara de Comercio-Vigo, 1967

- "PEDRO MADRUGA DE SOUTOMAYOR. CAUDILLO FEUDAL"

Autor: Gaspar Massó García
Edit. Bibliófilos Gallegos- Santiago, 1975

- "BARCOS DE GALICIA: DE LA PREHISTORIA HASTA HOY Y DEL MIÑO A FINISTERRE"

Autor: José Mª Massó García.
Edita: Pontevedra, 1982

- "MUIÑOS DE AUGA NA PENÍNSULO DO MORRAZO"

Autor: Manuel Aldao Portas.
Edita: Museo de Pontevedra.

- "A ADSCRICIÓN MUNICIPAL DA ILLA DE ONS"

Autor: Xosé Fariña Jarmardo.
Edita: Excma. Diputación Provincial
Separata Revista E. Provinciais nº 4.

- "ONS, A ARQUITECTURA DUNHA COMUNIDADE DESAPARECIDA"

Autor: Pedro de Llano
Edita: Edicións do Castro - Sada 1981

- "ROSAS SALVAJES"

Autor: Manuel Bernárdez "Pasarín"
Edita: Manuel Barnárdez.

- "COLOMBUEU - La Génesis de Josber"

Autor: José Manuel Gómez Torres
Edita: Aeriprint S.L.

- "LOS MAYAS Y LAS INCOGNITAS DEL IMPERIO ANTIGUO"

Autor: Jorge Santos G.
Edita: De. Paraninfo -1981 (Colección Puma)

- "RETROUSO A COLÓN"

Autor: Enrique Massó Bolívar

- "TROPA DE HIDALGOS Y MAREANTES"

Autor: Amancio Landín Carrasco
Edita: De. Prensa Española - Madrid 1970

ÍNDICE ALFABÉTICO

ABOY GÁNDARA, MANUEL	15	HERVA ALLEGUE, MANUEL	15
AGULLA BRAVO, ALVARO	15	JOAN DE CANGAS	3
ALCALDES	15	LOIRA GAGO, JORGE JOSÉ	12
ALDAO PORTAS, MANUEL	8	LOIS SALGADO, ESTHER ROSALÍA	15
ALVES PIÑEIRO, RAFAEL	15	LORENZO LEMOS, AMADOR	9
ARIAS BARREIRO, JUAN JOSÉ	12	MACÍAS YÁÑEZ, FERNÁNDO	14
ASOCIACIÓNS	15	MARTÍNEZ PARADA, VÍCTOR	11
BACELAR MARTÍNEZ, XOSÉ MANUEL	15	MASSÓ BOLÍBAR, ENRIQUE	6
BARCALA PATIÑO, NICOLÁS	15	MASSÓ GARCÁ, JOSÉ MARÍA	6
BARES FARIÑA, RAMÓN	4	MASSÓ GARCÍA, GASPAR	6
BARES GIRÁLDEZ, MANUEL A. e MATILDE	4	MESTRES	15
BARREIRO COTA, JOSÉ	15	MÖRLING, STAFFAN	7
BARREIRO Y ROSALES, BELARMINO	9	NOVAS REGUEIRA, JOSÉ	11
BARROS COMEDEIRO, GASPAR e MANUEL	13	NUNO TREEZ	3
BEIRO FORMOSO, RAMÓN	11	OMIL ESTÉVEZ, MANUEL	13
BERNÁRDEZ SANTACLARA, JOSÉ	8	OMIL POUSADA, MANUEL	13
BETANCOR CASTRO, HUGO	14	OTERO BAENA, JOSÉ BENITO	13
BIBLIOGRAFÍA	16	PADRÓN AGULLA, ANTONIO	14
BLACH QUINTEIRO, JOSÉ MANUEL	10	PEDROSA DOPAZO, JOSÉ LUIS	15
BOLÍVAR PIÑEIRO, SANTIAGO	11	PEDROSA FERNÁNDEZ, JUAN LUIS	15
BUCETA MERA, LUIS	10	PENA COLLAZO, JOSÉ	13
CAAMAÑO FERNÁNDEZ, ROSA ELVIRA	14	PEREIRA VÁZQUEZ, CARMEN	13
CABADA ÁLVAREZ, ANXO	9	PÉREZ GARCÍA, HIGINIO	10
CABODEVILA, MANUEL	10	PIÑEIRO FERRADANES, BENITO	14
CARBALLEIRA, JOHAN	5	PINTOS LLOPIZ, CARLOS	13
CASTRO, SALVADOR	15	PORTELA MEDRAÑO, JESÚS	11
CORTIZO DEL RIO, ISIDRO	14	POUSEU LOIRA, AGUSTÍN MIGUEL	13
CURAS PÁRROCOS	11	RIOBOO BUSTELO, DIDIO	10
DAVILA AGULLA, SANTIAGO	11	RÍOS DOPAZO, LUÍS	8
DAVILA ÁLVAREZ, ANTONIO e CONSUELO	13-15	RODÍGUEZ PASTORIZA, FRANCISCO	11
DAVILA PIÑEIRO, FELIX	12	RÚA Y FREIRE, FERNANDO	10
DAVILA PORTELA, JOSÉ BENITO	13	SAID ARMESTO, VÍCTOR	5
DIZ PAZ, JOSÉ	12	SÁNCHEZ GONZÁLEZ, JOSÉ MARÍA	15
DOMÍNGUEZ ANTAS, ALEJANDRO	14	SANMARTÍN, SUSO	14
DOMÍNGUEZ SOBRAL, FRANCISCO e J. RAMÓN	9	SANTOMÉ OTERO, FRANCISCO	14
DOPAZO GARCÍA, SILVINO	13	SANTOS GARCÍA, JORGE	8
DUARTE PORTELA, JOSÉ BENITO	13	SANTOS RÍOS, JUAN e JOSÉ	7-8
DURÁN GALLEGU, XOSÉ CARLOS	9	SARANDESES MARTÍNEZ, ANTONINO	15
ESCÁNEO FRANCO, FRANCISCO	10	SOR ANA MARÍA CALLES e BENILDE SUESCO	15
ESTÉVEZ CASTRO, JOSÉ MARÍA	11	SOR MARÍA DÍAZ	15
ESTÉVEZ, LÓPE	13	SOR MARÍA JOSÉ PEDRERO	15
FEIJOO TORRES, JOSÉ	15	SOR Mª LUISA PALOMAR e MATILDE GAUNA	15
FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, AFONSO	15	SOR SABINA MARTÍNEZ	15
FRAGA CASALEIRO, BALBINO	11	SOUTO GONZÁLEZ, JOSÉ LUIS	15
FREIRE LINO, MANUEL	15	TORRENTE BALLESTER, GONZÁLO	7
GARCÍA, FRANCISCO	13	VÁZQUEZ CANEDA, ANDRÉS	11
GESTIDO, JOSÉ	15	VERDE LOVEIRA, JOSÉ e MANUEL	9
GÓMEZ TORRES, JOSÉ MANUEL	9	VILLANUEVA, JULIO	13
GÓMEZ, MANUEL	13	XORNALISTAS	11
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, XOSSÉ CARLOS	12		

